

*Decreto 292/2008, do 30 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Axencia Galega de Emerxencias.*

O obxectivo de dar resposta ás novas necesidades formuladas en materia de seguranza e protección civil para garantir o dereito á seguranza e a protección das persoas e bens, no marco das políticas do Goberno galego, é unha das razóns que aconsellaron a transformación da estrutura orgánica da Dirección Xeral de Protección Civil creando a Axencia Galega de Emerxencias. O inicio desta transformación efectúase coa aprobación polo Parlamento de Galicia da Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia, onde se enmarca a creación de referida Axencia Galega de Emerxencias (en diante Axega).

Na súa lei de creación a Axega configúrase como un ente instrumental para a xestión das emerxencias segundo as instrucións emanadas do órgano administrativo que ten as facultades para a xestión das emerxencias e a protección civil.

A Axega ten natureza de entidade de dereito público, con personalidade xurídica propia consonte se describe no artigo 12.1º.1 b) do Decreto lexislativo 1/1999, de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, con patrimonio propio e plena capacidade para o desenvolvemento dos seus fins.

Pola súa banda, o Decreto 223/2007, do 5 de decembro, polo que se aproban os estatutos da Axega, regula a súa organización, réxime xurídico e funcións do ente público.

De acordo co exposto, por proposta do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, co informe previo das consellerías de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e Economía e Facenda, en uso das atribucións conferidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día trinta de decembro de dous mil oito,

#### **DISPOÑO:**

##### **Artigo 1º.-Definición.**

A Axencia Galega de Emerxencias é o ente instrumental da Xunta de Galicia encargado do estudo e a execución da política autonómica en materia de protección civil e xestión de emerxencias, nos termos establecidos na Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia.

##### **Artigo 2º.-Estrutura orgánica da Axencia Galega de Emerxencias.**

2.1. Órganos superiores de dirección: para o desempeño das súas funcións, a Axencia Galega de Emerxencias ten os seguintes órganos superiores de dirección:

2.1.1. O Consello Reitor. Segundo o artigo 7 do Estatuto da Axencia Galega de Emerxencias, aprobado polo Decreto 223/2007, do 5 de decembro

(DOG nº 236, do 7 de decembro), é o órgano colexiado de control, planificación e supervisión xeral da actividade do centro. As súas funcións están descritas no devandito artigo.

2.1.2. A Presidencia. Segundo o artigo 9 do Estatuto da Axencia Galega de Emerxencias correspóndelle ao titular da consellería competente en materia de protección civil e xestión de emerxencias. As súas funcións están tamén descritas no devandito artigo.

2.1.3. A Vicepresidencia. Segundo o artigo 10 de Estatuto da Axencia Galega de Emerxencias correspóndelle á persoa titular do órgano directivo da consellería encargada de protección civil e xestión de emerxencias. As súas funcións están tamén descritas no devandito artigo.

2.1.4. A Xerencia. Segundo o artigo 11 do Estatuto da Axencia Galega de Emerxencias o titular da xerencia será nomeado polo Consello Reitor por proposta da Presidencia. Ademais das funcións recollidas neste artigo, corresponderanlle as seguintes:

a) A organización, dirección técnica e xestión do Centro de Atención de Emerxencias 112 Galicia.

b) A elaboración de propostas para a mellora do Centro de Atención de Emerxencias 112 Galicia e o seu funcionamento.

c) A proposta de planificación, dotación, coordinación e supervisión de medios e recursos para a intervención e xestión de emerxencias, incluíndo as necesarias para a preparación do anteproxecto de orzamentos correspondente aos seus programas de gastos.

d) O deseño e desenvolvemento dos protocolos de atención de emerxencias, tendo en conta os medios e recursos e, se é o caso, a dirección de operacións definindo os plans de actuación, procedementos e tácticas operativas, con suxeición a estándares de calidade.

e) A coordinación operativa das actuacións que en materia de servizos contra incendios e salvamento local lle atribúan os plans e programas de protección civil, sen prexuízo das competencias atribuídas por lei ás demais administracións.

f) A coordinación do Centro de Atención de Emerxencias 112 Galicia con outros organismos públicos e privados, fomentando a sinatura de protocolos e acordos de colaboración.

g) A elaboración de protocolos de actuación e xestión de emerxencias do Centro de Atención de Emerxencias 112 Galicia, con suxeición a estándares de calidade.

h) O control e seguimento operativo do servizo de helicópteros polivalentes 112 Galicia.

i) A promoción, colaboración e coordinación de unidades especializadas en tarefas de salvamento, socorro ou outras relacionadas coa protección civil ou as emerxencias na comunidade autónoma.

j) A organización e mantemento dun banco documental multimedia especializado que permita a máxima difusión da información.

k) Analizar os riscos e mais identificalos e localizalos no territorio co fin de elaborar o mapa e o catálogo de riscos de Galicia, así como os catálogos de medios e recursos e o catálogo de servizos.

l) Desenvolver programas en materia de protección civil e xestión de riscos e de emerxencias consonte as directrices emanadas da Xunta de Galicia e establecer os medios para fomentar actuacións que contribúan á prevención de riscos, á atenuación dos seus efectos e, en xeral, á toma de conciencia e sensibilización dos cidadáns da importancia de protección civil.

m) Levar a cabo os estudos necesarios para a elaboración do Plan territorial de protección civil de Galicia, dos plans especiais e das liñas directrices para a elaboración dos plans territoriais que correspondan.

n) Avaliar e cualificar o risco cando lle sexa comunicada unha situación de emerxencia das que poden dar lugar á activación dun plan público de protección civil.

o) As demais funcións que, incluídas no ámbito respectivo, lle sexan asignadas.

*Artigo 3º.-A Secretaría Xeral da Axencia Galega de Emerxencias.*

Segundo o artigo 12 do Estatuto da Axencia Galega de Emerxencias o titular da secretaría xeral será nomeado polo Consello Reitor por proposta da Presidencia. As súas funcións son as seguintes:

a) actuar como secretario do Consello Reitor.

b) elaborar o balance e a conta anual de perdas e ganancias.

c) exercer a dirección administrativa e de persoal.

d) coordinar, inspeccionar e controlar o funcionamento dos servizos e das dependencias da Axencia Galega de Emerxencias.

e) calquera outra que se estableza regulamentariamente.

*Artigo 4º.-Unidades administrativas.*

As restantes unidades administrativas que se crean son as seguintes:

4.1. Dependendo directamente da Xerencia:

4.1.1. Área do Centro de Atención ás Emerxencias 112 (CAE112). As súas funcións son as seguintes:

a) A xestión operativa e a supervisión do Centro de Atención de Emerxencias 112 Galicia.

b) A elaboración e revisión dos protocolos de actuación e xestión de emerxencias do Centro de Atención de Emerxencias 112 Galicia, con suxeición a estándares de calidade.

c) A realización dos estudos e proxectos de dotación de medios e equipamentos do Centro de Atención de Emerxencias 112 Galicia.

d) A elaboración dos informes que lle soliciten o/a xerente e outros órganos da Axencia Galega de Emerxencias, así como da memoria anual relativa ao funcionamento do Centro de Atención de Emerxencias 112 Galicia.

e) As demais funcións que, incluídas no ámbito respectivo, lle sexan asignadas.

4.1.2. Área de Loxística e Tecnoloxía. As súas funcións serán as seguintes:

a) A análise das necesidades tecnolóxicas e loxísticas dos axentes que interveñen na xestión das emerxencias no ámbito da Axencia Galega de Emerxencias e daqueles entes con que se coordine.

b) A planificación da implantación de novas ferramentas tecnolóxicas, de comunicacións e loxísticas nos órganos da Axencia Galega de Emerxencias, no Centro de Atención de Emerxencias 112 Galicia e aqueles outros con que se coordinen actuacións.

c) O control e supervisión das infraestruturas, equipamentos e sistemas informáticos e de comunicación da Axencia Galega de Emerxencias, do Centro de Atención de Emerxencias 112 Galicia.

d) A colaboración coas outras administracións que interveñen nas accións de emerxencias e outros grupos que se coordinen coa Axencia Galega de Emerxencias para a implantación das novas tecnoloxías nos seus ámbitos de actuación.

e) As demais funcións que, incluídas no ámbito respectivo, lle sexan de aplicación.

4.2. Dependendo da Secretaría Xeral:

4.2.1. A Área de xestión económica e financeira ten encomendada a realización das seguintes funcións:

a) Elaborar os datos necesarios para que a Xerencia poida redactar o anteproxecto de orzamentos anuais e as correspondentes programacións plurianuais.

b) Desenvolver todas as actuacións necesarias para o adecuado seguimento e control da xestión orzamentaria, propoñendo os axustes orzamentarios que resulten necesarios para garantir a adecuada xestión da Axencia Galega de Emerxencias.

c) Todas as cuestións relativas á xestión de persoal, nóminas, en relación coas disposicións en materia laboral (seguridade social, mutuas, etc.), incluíndo a tramitación dos expedientes administrativos relativos ao persoal funcionario, laboral e eventual e a habilitación dos gastos de persoal da Axencia Galega de Emerxencias.

d) A execución da xestión orzamentaria efectuando os trámites económico-administrativos dos expedientes de gastos e as propostas de pagamento.

e) A xestión da subministración de material de oficina, imprenta e consumibles informáticos, e demais subministracións que sexan necesarias, incluíndo os gastos de auga, electricidade, combustibles, seguros, etc.

f) As demais funcións que, incluídas no ámbito respectivo, lle sexan asignadas.

4.2.2. A Área xurídica ten encomendada a realización das seguintes funcións:

a) O asesoramento a todos os órganos da Axencia Galega de Emerxencias en materia legal e a de informar, cando se lle solicite, sobre a adecuación á legalidade de calquera actuación que vaia acometer a Axencia Galega de Emerxencias.

b) A elaboración dos estudos e informes que lle sexan encomendados.

c) O estudo, tramitación e, se é o caso, a elaboración dos anteproxectos e proxectos de disposicións de carácter xeral, cando así se lle encomende, así como elaborar as propostas de informe de legalidade, acerto e oportunidade das disposicións de carácter xeral que deban recibir informe do/a xerente.

d) O estudo, tramitación e elaboración das propostas de resolución das reclamacións e recursos formulados contra os actos e resolucións emanados dos distintos órganos da Axencia Galega de Emerxencias, cando aquelas non estean atribuídas a outros órganos desta, así como a coordinación dos órganos que interveñan na súa tramitación.

e) A tramitación dos requirimentos e peticións formulados á Axencia Galega de Emerxencias polos xulgados, tribunais, o Defensor do Pobo, o Valedor do Pobo e outros órganos e institucións.

f) A coordinación, para a súa remisión e correspondente publicación no *Diario Oficial de Galicia*, das disposicións e actos administrativos que teñan que ser publicados.

g) O rexistro, arquivo e custodia das disposicións xerais emanadas da Axencia Galega de Emerxencias ou dos seus centros directivos.

h) A proposta de compilacións e refundicións das normas emanadas da Axencia Galega de Emerxencias, así como a realización dos estudos previos para efectuar as recompilacións legais ou xurisprudenciais.

i) Coidar que se lles faciliten aos letrados encargados da defensa xurisdiccional todos os antecedentes que constan na Axencia Galega de Emerxencias.

j) Asistir ás mesas de contratación e ás sesións dos órganos colexiados cando así o estableza a normativa aplicable.

k) Participar, por pedimento do órgano competente, na redacción de textos normativos da Axencia Galega de Emerxencias.

l) As demais funcións que, incluídas no ámbito respectivo, lle sexan asignadas.

### Disposicións adicionais

Primeira.-Os postos de traballo comprendidos na relación de postos de traballo da Dirección Xeral de Protección Civil que de seguido se relacionan, e o persoal funcionario e laboral que na data de Constitución da Axencia Galega de Emerxencias os ocupase, adscribiranse á Axencia, tendo dereito a manter a mesma situación administrativa, antigüidade e grao.

Código posto	Denominación
PR.C10.00.002.15770.010	Xef. Servizo Xestión do Sistema Resposta á Emerxencia
PR.C10.00.002.15770.030	Xef. Servizo de Loxística e Tecnoloxía das Emerxencias
XU.C05.00.000.15770.102	Xefe Sala Central de Emerxencias 112 SOS Galicia
XU.C05.00.000.15770.101	Xefe/a Sala Central de Emerxencias 112 SOS Galicia
XU.C05.00.000.15770.100	Xefe/a Sala Central de Emerxencias 112 SOS Galicia

Segunda.-En virtude do previsto no artigo 11.1º letra e) do Decreto 223/2007, do 5 de decembro, polo que se aproba o estatuto da Axencia Galega de Emerxencias, a Xerencia procederá a elaborar o cadro de persoal da Axencia Galega de Emerxencias.

### Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase a persoa titular da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para ditar as disposicións necesarias para a execución e desenvolvemento deste decreto.

Segunda.-Este decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, trinta de decembro de dous mil oito.

Emilio Pérez Touriño  
Presidente

José Luis Méndez Romeu  
Conselleiro de Presidencia, Administracións  
Públicas e Xustiza

## CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

*Orde do 1 de decembro de 2008 pola que se modifica a Orde do 27 de decembro de 2000, pola que se establece o procedemento unificado para a obtención de carnés profesionais e exixencias a empresas autorizadas para a instalación, mantemento e outras actividades en materia de seguranza industrial.*

A Orde do 27 de decembro de 2000, da Consellería de Industria e Comercio, establece o procedemento unificado para a obtención de carnés profesionais e exixencias a empresas autorizadas para instalación, mantemento e outras actividades en materia de seguranza industrial.